R explicaralles ás empresas como prepararse a fondo en ciberseguridade no 5º foro Cibertech do Círculo

- ***O operador galego patrocina, xunto a Abanca, a 5ª edición do foro Ciberseguridade e Cibertech do Círculo de Empresarios de Galicia, centrado en regulación e resiliencia empresarial perante as novas ameazas dixitais.***

- ***Portavoces de* R *e do grupo Orange abordarán no foro a importancia de cumprir nas empresas co marco regulatorio en ciberseguridade, de prepararse para enfrontar riscos presentes e futuros e de reforzar a resiliencia empresarial neste eido.***

- ***O foro Cibertech, dirixido ao sector da empresa galega, desenvolverase mañá martes 17 a partir das 9:30 h na sede do Círculo de Empresarios de Galicia, en Vigo.***

Luns, 16 de novembro de 2026.- A **5ª edición de *Ciberseguridade e Cibertech*** reunirá mañá en Vigo empresas, expertos/as e profesionais para analizar como preparármonos perante un panorama onde a ciberseguridade é xa unha cuestión estratéxica para calquera entidade. Baixo o título "*Tecnoloxía, regulación e talento para afrontar as novas ameazas*", e co patrocinio de **R** e Abanca, o foro Cibertech do Círculo de Empresarios de Galicia persegue orientar as entidades para potenciaren a súa resiliencia e anticiparen os desafíos que marcarán o futuro inmediato.

Alfredo Ramos, director de **R** e territorial de Orange en Galicia, María Borrás, Presidenta do Círculo e José Manuel Nogueira, director de banca institucional en Abanca, abrirán o acto centrando o evento neses retos das empresas nun contexto de intelixencia artificial, dependencia tecnolóxica e riscos asociados a terceiros e a un novo marco regulatorio.

Após unha primeira ollada á ciberseguridade como elemento estratéxico para a continuidade do negocio, a competitividade e a confianza, David Ortega, responsable de negocio de Ciberseguridade de Orange, falará, xunto a portavoces de Gradiant, Abanca y CTAG, sobre **ciberseguridade, infraestruturas e resiliencia empresarial**; acerca de como están a mudar as ameazas e preguntándose se estamos preparados para responder cando a tecnoloxía, as comunicacións, os provedores ou as infraestruturas se converten en obxectivo. Unha conversa sobre novos riscos, anticipación, resposta e resiliencia operacional.

Susana Rey, da Oficina de Privacidade e IA de **R** e do grupo Orange, conversará noutra mesa con representantes de Abanca, AMTEGA, APDTIC e dooingIT sobre as claves para **gobernar o risco dixital más aló do mero cumprimento da regulación** no eido da ciberseguridade. Porque a evolución regulatoria, a intelixencia artificial e a dependencia crecente de terceiros están transformando as responsabilidades das organizacións.

Na conversa incidirase en que cambia realmente para as empresas e administracións e en como transformar esas novas esixencias nunha **oportunidade para reforzar a organización integrando cumprimento, privacidade e xestión do risco** nas decisións do negocio.



Ana Fernández Vilas, directora da Cátedra **R** en Ciberseguridade, centrarase, xunto a portavoces de Tecnópoloe e da UIE, na **temática do talento e en se dispomos de profesionais abondos/as** para responder á demanda de capacidades en ciberseguridade dos nosos días, que medra ao compás das ameazas, a tecnoloxía e a regulación. Fernández Vilas falará dos perfís que precisan as empresas e de como acelerar a formación e actualización de profesionais, onde universidades, empresas e novas fórmulas de capacitación serán esenciais.

Nesta quinta edición do foro Cibertech do Círculo abordaranse, ademais, os temas da **guerra híbrida**, **identidade dixital**, **criptografía postcuántica** ou **infraestruturas IA**, entre outros. Tamén haberá tempo para unha conversa final sobre onde centrármonos na **ciberseguridade en 2027** e un **espazo de colaboración *networking*** para prolongar o intercambio, compartir experiencias e xerar novas conexións ao redor da ciberseguridade e a transformación tecnolóxica.

Unha xornada, en suma, que abordará, dende unha perspectiva práctica e empresarial, cuestións clave como a resiliencia operacional, regulación e risco, novas ameazas tecnolóxicas, talento e capacidades profesionais, conectando **empresa, tecnoloxía e coñecemento.**

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal